



PROPOSTA ORGANIZATIVA DE BARBANTIA

BORRADOR



ÓRGANOS ESTATUTARIOS

ASEMBLEA XERAL, XUNTA DIRECTIVA E ÓRGANOS UNIPERSOAIS

Están regulamentados nos Estatutos

COMISIÓNS DA ÁREA DE XESTIÓN

XESTIÓN XERAL E ECONÓMICA, COMUNICACIÓN E VIDA ASOCIATIVA, NOVAS TECNOLOXÍAS, NORMALIZACIÓN e MOCIDADE

Os seus labores céntranse en cuestións vinculadas co bo funcionamento interno e externo da entidade. Os compoñentes deberían situarse entre un mínimo de dous e un máximo de catro. Observando as funcións específicas de cada comisión é doado inferir-la intersección entre elas e, polo tanto, a necesidade de traballar de modo coordinado. Trátase do conxunto de funcións e responsables que actúan coma “ motor” cotián da asociación.

Funcións máis específicas:



XESTIÓN XERAL E ECONÓMICA

- Altas e baixas de socios
- Xestión de recursos (económicos e de equipamento).
- Xestión de patrocinios e mecenados de carácter xeral
- Solicitude de subvencións, realización de convenios,...
- realización de memorias anuais
- Apoio á xestión de iniciativas emanadas doutras comisións.

COMUNICACIÓN E VIDA ASOCIATIVA

- Imaxe institucional
- Relacións cos MCS (preparación de notas de prensa, roldas de prensa, presentacións sociais,...)
- Xestión de publicidade.
- Comunicacións cos socios (convocatorias, anuncios, información,....)
- Organización de actividades de convivencia e confraternidade.
- Atención a eventos e conmemoracións persoais (aniversarios, nacementos, casamentos, óbitos, ...) tanto de socios, como de patrocinadores, ou persoas e institucións e interese.
- Relacións Públicas en xeral.



NOVAS TECNOLOXÍAS

- Creación e mantemento da páxina WEB
- Creación e xestión de ferramentas informáticas de comunicación e traballo interno.

NORMALIZACIÓN

- Normalización lingüística dos documentos (en diversos formatos) emanados da asociación.

MOCIDADE

- Promoción da participación da mocidade nas actividades desenvolvidas na asociación



COMISIÓNS TEMÁTICAS

ARTES PLÁSTICAS E IMAXE, HISTORIA E XEOGRAFÍA,
LITERATURA, PENSAMENTO, CIENCIAS, CULTURA POPULAR,
MÚSICA, BIBLIOGRAFÍA E DOCUMENTACIÓN.

- Os seus labores centraranse nos campos de coñecemento mencionados, que serán abordados dende o mandato estatutario que rexe á entidade no seu conxunto¹.
- O seu funcionamento interno será autónomo e xestionarán, de acordo coas directrices emanadas dos órganos asociativos correspondentes, os seus propios proxectos, contando co apoio das comisións e órganos correspondentes.

¹ **Artigo 2º.-** Son fins principais da Asociación: a) Servir como punto de encontro e canle para o diálogo e colaboración entre os propios/as asociados/as, e entre estes e aquelas outras asociacións, entidades, organizacións e administracións vencelladas coa promoción da cultura en todas as súas dimensións. b) Impulsar, desenvolver e difundir estudos e proxectos, ben por iniciativa propia, a petición doutras entidades, así como en réxime de colaboración, que abarquen todo o campo de coñecemento humano e que teñan como denominador común o Barbanza e a súa área de influencia. c) O aproveitamento, promoción e conservación das potencialidades do entorno, dende a perspectiva da intervención e creación cultural, do patrimonio, do medio ambiente e do desenvolvemento local. d) Promover canles de participación e expresión sociocultural, de cara ó enriquecemento persoal e social e da mellora da calidade de vida.

Artigo 3º.- Para levar a cabo os seus fins, poderá a Asociación organiza-las seguintes actividades. a) Organización e desenvolvemento de cursos, xornadas, encontros, seminarios, congresos e outras actividades de carácter formativo e de divulgación. b) Deseño, edición e difusión de publicacións, e outros soportes informativos, documentais e promocionais. c) Organización e desenvolvemento de mostras, exposicións e certames. d) Deseño e execución de campañas de sensibilización, concienciación e promoción. e) Actividades de asesoramento e apoio nos ámbitos referidos dirixidas a persoas, grupos, entidades e administracións. f) Calquera outra actividade e programa que, a xuízo dos órganos de goberno, se consideren oportunos en consonancia cos fins fundacionais, procurándose a colaboración con aquelas entidades e administracións do entorno xeográfico, de Galicia, do Estado e mesmo da Unión Europea, que teñan competencias ou desenvolvan iniciativas acordadas cos mencionados fins.



- Terán tantos membros como estimen oportuno (pero non se debera perder de vista a operatividade) e dous deles, elixidos polos restantes compoñentes da Comisión, e referendados pola Xunta Directiva, exercerán as funcións de director técnico e subdirector técnico. En caso de ser necesarias máis responsabilidades (porque o número de socios é moi grande ou pola envergadura dos proxectos a desenvolver, a propia Comisión está facultada para o nomeamento, baixo as mesmas condicións que no caso do director e subdirector, dos cargos que estime oportuno).
- Os proxectos que cada Comisión decida levar a cabo, e que sempre estarán axustados ós principios rectores da asociación, serán presentados para a súa aprobación á Xunta Directiva, ben nunha programación anual, ben puntualmente.



COMISIÓNS DE EVENTOS E ANUARIO

SEMANA DA CULTURA GALEGA ACTUAL, ENCONTRO DE CREADORES DO BARBANZA e ANUARIO

As súas funcións serán as de organizar e desenvolver os eventos mencionados. Non terán máis de catro membros, xa que logo, deben ser moi operativas. Á súa fronte haberá un responsable en calidade de director técnico.



COMISIÓNS TERRITORIAIS

RIANXO, BOIRO, POBRA, RIBEIRA, PORTO DO SON, NOIA,
LOUSAME e SERRA DE OUTES.

As comisións territoriais están formadas por membros natos e comprometidos. É dicir: aqueles socios que sexan membros dalgunha comisión, serán tamén membros da comisión territorial onde teñan o seu domicilio.

Asemade, calquera socio pode ser membro exclusivamente da comisión territorial que lle corresponda (sen ter que participar noutro órgano da entidade).

As funcións das Comisións Territoriais serán as de representar á entidade nese territorio, colaborar na organización de actividades asociativas que teñan como sede ou asunto, total ou parcialmente, o territorio de referencia, e realizar, de se-lo caso, cantas xestións sexan de interese para a entidade nese territorio. Habida conta do modus operandi desenvolvido ata o momento, pódese sinalar como función das Territoriais a preparación e presentación dos especiais A Voz de Barbantia.

Ó igual que no caso anterior, haberá un delegado e un subdelegado territorial.



NOTAS FINAIS

- As Comisións son estruturas para facilita-lo cumprimento das finalidades da asociación, polo que están supeditadas a esta. O carácter autónomo e descentralizado das mesmas pretende a maior operatividade funcional, pero non xustifica, senón que esixe, tanto a natural dependencia orgánica, como o inescusable traballo coordinado e ben engrenado coas restantes comisións e órganos de dirección da asociación.
- Con carácter xeral, a proposta organizativa, coa definición de composición, cargos, funcións, etc., debera ser incluída no Regulamento de Réxime Interno, que, á súa vez, debe ser aprobado pola Asemblea Xeral.
- O Presidente da asociación asume a representación institucional da entidade e coordina tódalas comisións, sendo membro nato de todas ela (pode asistir a cantas reunións ordinarias, de traballo, etc., realicen cada unha delas).

